

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**15713** *Real decreto 1722/2012, do 28 de decembro, polo que se desenvolven aspectos relativos á asignación de dereitos de emisión no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

O réxime europeo de comercio de dereitos de emisión constitúe unha ferramenta central da política comunitaria de cambio climático. Regulado pola Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, o réxime abrangue máis de 12.000 instalacións de diversos sectores industriais e de xeración de enerxía. Coa Directiva 2009/29/CE levouse a cabo unha importante reforma do réxime de cara ao período 2013-2020, reforma que foi desenvolvida e precisada por diversas disposicións normativas posteriores de dereito comunitario. De entre elas, débese mencionar a Decisión 2011/278/UE da Comisión, do 27 de abril de 2011, pola que se determinan as normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión de acordo co artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello. Esta decisión recolle as regras que deben rexer na Unión Europea, de maneira harmonizada, para a determinación da asignación gratuíta de dereitos de emisión que debe corresponder a cada instalación con dereito a esta.

En España, a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, foi reformada a través da Lei 13/2010, que incorporou as novidades que a Directiva 2009/29/CE recollía de cara ao período 2013-2020.

Neste marco, preséntase agora a necesidade de recoller nunha norma regulamentaria algunhas precisións relativas a algunhas previsións contidas na Decisión 2011/278/UE antes citada, en particular, as contidas no seu capítulo IV. Efectivamente, esta decisión non só regula a asignación inicial de dereitos de emisión para o período 2013-2020 senón que recolle tamén normas relacionadas coa asignación a novos entrantes (novas instalacións ou ampliacións significativas das existentes) ou axustes á baixa na asignación debidos a cesamentos parciais (reducións do nivel de actividade) ou reducións significativas de capacidade (cambios físicos que dean lugar a un descenso significativo da capacidade). A Decisión non incide na asignación inicial para o período 2013-2020 aínda que a súa aplicación pode conducir a modificacións nela tras a súa aprobación no sentido que se sinalou.

Para articular as previsións da Decisión no dereito español faise conveniente adoptar unha norma que regule algúns aspectos formais, aclare as obrigas de información dos titulares das instalacións e precise aspectos procedementais e competenciais. Este real decreto responde a esta necesidade. Ademais, aínda que algúns aspectos substantivos (relativos a como, en que condicións e de acordo con que regras se calcula a asignación das instalacións que se encontran nos supostos previstos no real decreto) se conteñen na Decisión, coidouse oportuno, para maior claridade e mellor coñecemento polos titulares de instalacións suxeitas ao réxime, recollelos tamén nesta norma. Débese apuntar aquí que, para efectos sistemáticos e de claridade expositiva, se considerou oportuno, a miúdo, reproducir o contido dalgúns preceptos da referida decisión, especialmente dos seus artigos 21, 22 e 23, pese a que, como é sabido, este tipo de norma comunitaria ten efecto directo e resulta de aplicación inmediata.

Este real decreto non só vén exixido pola necesidade de aplicar a Decisión 2011/278/UE, senón que, no ámbito de dereito interno, deriva e desenvolve os artigos 6 e 7 da Lei

1/2005, considerando a súa redacción que, modificada pola Lei 13/2010, estará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013. Así, o artigo 6 determina que o titular dunha instalación deberá informar o órgano competente de calquera proxecto de cambio no carácter, o funcionamento ou o tamaño da instalación, así como de todo cambio que afecte a identidade ou o domicilio do titular. Pola súa parte, o artigo 7, coa reforma introducida pola Lei 13/2010, prevé que se precisen regulamentariamente as circunstancias que determinan o cesamento da actividade ou o peche da instalación, as medidas destinadas a definir as instalacións que cesaron parcialmente de funcionar ou que reduciron significativamente a súa capacidade, así como as medidas destinadas a adaptar, en consecuencia, o nivel de dereitos de emisión gratuítos asignados a estas.

Estas previsións da Lei 1/2005 teñen, loxicamente, a súa orixe nas directivas comunitarias, que xa establecían obrigas de informar de cambios na instalación ou na súa actividade e no que estes cambios puideran ter efectos na asignación. Por iso a Decisión 2011/278/UE regulou estas cuestións. O contido deste real decreto, á hora de desenvolver os artigos 6 e 7 da Lei 1/2005, está en liña, como se apuntou, coas previsións da Decisión. Ademais, para facilitar unha aplicación homoxénea da Decisión en todo o territorio da UE, a Comisión publicou varios documentos guía, cuxo contido tamén foi tido en conta neste real decreto.

Convén, por último, recordar que, de conformidade co artigo 29.2 da Lei 1/2005, o incumprimento da obriga de informar sobre a modificación do carácter, o funcionamento ou o tamaño da instalación, establecida no artigo 6, e a ocultación da información necesaria para a asignación de dereitos de emisión constitúen unha infracción administrativa moi grave.

Así, o artigo 24 da Decisión 2011/278/CE establece que os Estados membros se asegurarán de que os titulares de instalacións presenten á autoridade competente, como moi tarde o 31 de decembro de cada ano, toda a información pertinente sobre calquera cambio previsto ou efectivo da capacidade, do nivel de actividade e do funcionamento da súa instalación.

Polo que se refire ao contido do real decreto, pódese dicir que os tres primeiros artigos se limitan a determinar o obxecto da norma, o seu ámbito de aplicación (que serán as instalacións con dereito a asignación gratuíta suxeitas ao réxime do comercio de dereitos de emisión no período 2013-2020 exceptuando aquelas obxecto de exclusión en virtude da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005) e a vixencia para os efectos da interpretación e aplicación desta norma das definicións relevantes contidas na Lei 1/2005 e na Decisión 2011/278/UE. No que se refira á non aplicación deste real decreto ás instalacións excluídas, convén apuntar, non obstante, que, en caso de que a listaxe de instalacións cuxa exclusión se propuxo, fose revisada de modo que algunhas delas quedasen de novo incluídas no ámbito de aplicación do réxime, deberanse presentar, no seu momento, os aspectos procedementais oportunos para aplicarlles as previsións deste real decreto.

O artigo 4 precisa, con carácter xeral, as obrigas de información dos titulares de instalacións nos supostos en que así o exige o artigo 24 da Decisión 2011/278/UE. Así, as instalacións deberán achegar cada ano a información requirida no citado artigo 24, empezando o 31 de decembro de 2012. O artigo precisa os aspectos formais da presentación da información exigible e as posibles consecuencias derivadas desta, que poden afectar tanto a autorización de emisión (de competencia autonómica) como a asignación (de competencia estatal). Ademais, segundo o establecido no Regulamento (UE) n.º 600/2012 da Comisión, do 21 de xuño de 2012, relativo á verificación dos informes de emisións de gases de efecto invernadoiro e dos informes de datos sobre toneladas-quilómetro e á acreditación dos verificadores, prevese que, en caso de que unha instalación sufrise cambios na capacidade, no nivel de actividade e no funcionamento que poidan repercutir na súa asignación e que o seu titular non levase a cabo as notificacións pertinentes, o verificador dos informes de emisións deba incluír no seu informe de verificación unha descrición de tales cambios e as observacións correspondentes. Por último, prevese que a Administración poida, de oficio, constatar a

existencia deses cambios cando existan indicios razoables. Adicionalmente, e aínda que non hai unha previsión específica ao respecto neste precepto, convén reiterar que, como se sinalaba uns parágrafos máis arriba, se non se levase a cabo a notificación de cambios que deberan terse notificado de acordo con este artigo, iso constituiría infracción moi grave de acordo coa Lei 1/2005.

O artigo 5 regula a redución significativa de capacidade das instalacións, suposto en que hai cambios nos seus dispositivos que supoñen unha menor capacidade, entendida esta segundo establece a Decisión. Nestes casos, en liña co que exige a Decisión, débese recalcular a asignación da instalación considerando a nova capacidade. O procedemento para levar a cabo este recálculo exige, en todo caso, a audiencia do interesado, así como unha aprobación ou non obxección final por parte da Comisión.

Pola súa parte, os artigos 6 e 7 regulan, respectivamente, o cesamento total e o cesamento parcial da actividade dunha instalación, supostos en que, de conformidade co previsto na Decisión, a instalación debe deixar de recibir asignación (no primeiro caso) ou axustala á baixa (no segundo), tendo en conta uns limiares concretos que recolle a norma comunitaria e que reproduce tamén este real decreto. Débese mencionar que a previsión contida no artigo 6.1, e) é coherente coa recente modificación do artigo 7 da Lei 1/2005, operada pola Lei 11/202, do 19 de novembro, de medidas urxentes en materia de ambiente. Débese tamén citar que o artigo 7 prevé, en liña co recollido na Guía 7 da Comisión Europea, relativa a novos entrantes, que os titulares soliciten que non se aplique a regra do cesamento parcial se se producen cambios no tipo de produtos fabricados empregando a mesma liña de produción sen que teña lugar un cambio físico. Nesta situación, a regra do cesamento parcial levaría a un resultado indesexado xa que se reduciría a asignación concedida á fabricación dun produto sen que sexa posible asignar como novo entrante o produto que o substitúe por non producirse un cambio físico. Tamén recolle este artigo os casos en que, minorada a asignación por producirse un cesamento parcial, a actividade da instalación se poida volver incrementar, o que comportaría recuperar os niveis de asignación que lle correspondan.

Os artigos 8 e 9, por último, recollen os supostos en que unha instalación ten dereito a recibir asignación como novo entrante, ben porque incrementa a súa capacidade de maneira significativa, ben porque se trata dunha instalación completamente nova. Nun caso e noutro, estes artigos regulan aspectos formais da solicitude, cando deben presentarse, as exixencias de verificación por entidades acreditadas, determinados aspectos das solicitudes e o procedemento de asignación. Débese ter en conta que os dereitos se asignarán, durante o período 2013-2020, desde unha reserva para novos entrantes comunitaria, á que a Administración xeral do Estado debe remitir as solicitudes de asignación unha vez que estean completas.

Finalmente, o real decreto conta con dúas disposicións adicionais, unha transitoria e dúas derradeiras. A disposición adicional primeira prevé a posibilidade de alcanzar información de instalacións sen dereito a asignación gratuíta cando poida ser relevante para determinar a asignación doutra instalación, como pode ocorrer no caso de coxeracións que prestan servizo a outras instalacións. A disposición adicional segunda, pola súa parte, regula un aspecto relativo á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión a operadores aéreos, cuestión esta allea ao obxecto do resto do real decreto. En concreto, precisa, no seo do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que órgano é o competente para exercer a potestade sancionadora sobre os operadores aéreos suxeitos ao réxime, algo que o artigo 35.2 da Lei 1/2005 non concretaba. Neste sentido, na disposición adicional única, atribúese a dita competencia ao secretario de Estado de Medio Ambiente. A disposición transitoria, pola súa parte, permite que ata finais de 2013 a verificación prevista nos artigos 5, 8 e 9 a leve a cabo un verificador acreditado no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión, con independencia do alcance da súa acreditación, co obxecto de dar un tempo para que o Organismo Nacional de Acreditación desenvolva un alcance de acreditación específico en materia de asignación de dereitos de emisión. As disposicións derradeiras, por último, refírense aos títulos competenciais e á entrada en vigor.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de Industria, Enerxía e Turismo e de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2012, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver regulamentariamente aspectos relativos ás obrigas de información establecidas no artigo 6 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, e a súa incidencia nas autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro e, en especial, na asignación de dereitos de emisión, de acordo co previsto no artigo 7 da mesma lei.

Así mesmo, concrétase a regulación contida nas disposicións recollidas no capítulo IV da Decisión da Comisión 2011/278/UE, do 27 de abril de 2011, pola que se determinan as normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será aplicable ás instalacións fixas con dereito a asignación gratuíta que estean incluídas no ámbito de aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión tal como queda definido para o período 2013-2020 pola Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, sempre que non fosen excluídas de conformidade coa disposición adicional cuarta da citada lei, e sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira do presente real decreto.

Artigo 3. *Definicións.*

Todos os termos do presente real decreto que estean definidos na Lei 1/2005, do 9 de marzo, ou na Decisión da Comisión 2011/278/UE, do 27 de abril de 2011, terán o mesmo significado que nas ditas normas.

Artigo 4. *Presentación da información sobre cambios na capacidade, o nivel de actividade e o funcionamento.*

1. De conformidade co artigo 6 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e co artigo 24 da Decisión da Comisión 2011/278/UE, do 27 de abril de 2011, cando unha instalación incluída no ámbito de aplicación experimentase un cambio da capacidade, do nivel de actividade ou do funcionamento, ou teña previsto facelo, o seu titular deberá presentar ante o órgano autonómico competente, como moi tarde o 31 de decembro de cada ano, toda a información pertinente sobre o dito cambio efectivo ou previsto. O primeiro prazo de presentación desta información será o 31 de decembro de 2012.

2. A información a que fai referencia o primeiro parágrafo do punto anterior deberase presentar, nos casos en que se produzan cambios significativos de capacidade, cesamentos parciais ou totais de actividade ou calquera outro cambio na instalación que comporte un axuste da súa asignación, no modelo desenvolvido pola Comisión Europea para o efecto, que se poñerá a disposición do público na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

O modelo cuberto presentarase acompañado dunha copia en soporte electrónico e dun informe metodolóxico que conteña unha descrición detallada de como se determinaron os datos ante o órgano autonómico competente.

En caso de que o citado modelo non resulte aplicable por se tratar de cambios efectivos ou previstos de capacidade, do nivel de actividade ou do funcionamento que non supoñan modificación no nivel de asignación, os titulares presentarán unha descrición dos ditos cambios previstos ou efectivos nun formato que permita identificar claramente a

instalación a que se fai referencia. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, logo de consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, poderá desenvolver modelos estandarizados para estes efectos, que publicará, se é o caso, a través da súa páxina web.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán a información presentada á Secretaría de Estado de Medio Ambiente nun prazo máximo de dez días desde a súa recepción.

4. Á vista da información presentada de conformidade co punto 1, poderá ser necesario:

1) Modificar a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro para reflectir os cambios previstos da capacidade, do nivel de actividade ou do funcionamento. Esta modificación realizaraa de oficio o órgano autonómico competente no prazo máximo de tres meses. En caso de que sexa necesaria unha modificación do plan de seguimento, esta levarase a cabo de acordo co artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 601/2012 da Comisión, do 21 de xuño de 2012, sobre o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro.

2) Axustar a cantidade anual preliminar de dereitos de emisión asignados gratuitamente a unha instalación de conformidade cos artigos 21 e 23 da Decisión da Comisión 2011/278/UE, do 27 de abril de 2011, se iso resulta necesario como consecuencia dos cambios rexistrados da capacidade ou do nivel de actividade.

No suposto en que, debendo producirse o axuste na cantidade anual, esta xa se expedise á conta do titular no Rexistro da Unión, procederá a suspender o acceso a ela ata que este proceda á devolución dos dereitos de emisión que corresponda.

5. No caso de que, con motivo da verificación do informe de emisións de gases de efecto invernadoiro, o verificador observe cambios na capacidade, no nivel de actividade e no funcionamento da instalación que poidan repercutir na súa asignación de dereitos de emisión e que o titular da instalación non os notificase á autoridade competente antes do 31 de decembro do período de notificación de conformidade co artigo 24, punto 1, da Decisión 2011/278/UE, incluírá no seu informe de verificación unha descrición de tales cambios e as observacións correspondentes.

En tal caso, os órganos competentes das comunidades autónomas informarán a Secretaría de Estado de Medio Ambiente nun prazo máximo de dez días desde a recepción do informe de verificación.

6. Sen prexuízo da posible incoación do expediente sancionador que puiden corresponder, nos supostos en que o titular da instalación non remitise a información requirida no punto 1 no prazo establecido se, á luz dos informes a que se refire o punto anterior ou doutros datos obxectivos, existisen indicios de que se podería ter producido unha redución na capacidade dunha instalación ou no seu nivel de actividade que puidese ter incidencia na asignación da instalación, o órgano autonómico competente levará a cabo as actuacións que resulten necesarias para dilucidar se efectivamente se produciu a dita redución de capacidade ou do nivel de actividade, e remitirá un informe ao respecto, acompañado da documentación que considere pertinente, á Secretaría de Estado de Medio Ambiente. Esta, se resultar procedente de conformidade co previsto na Decisión 2011/278/UE, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, determinará a asignación axustada en consecuencia con efecto a partir do ano seguinte a aquel en que tivese lugar o cambio ou a partir de 2013 se o cambio tivo lugar antes do 1 de xaneiro de 2013, de acordo co previsto nos artigos seguintes.

#### Artigo 5. *Redución significativa de capacidade.*

1. Cando unha instalación rexistrase unha redución significativa de capacidade con posterioridade ao 30 de xuño de 2011, a capacidade reducida e a capacidade instalada da subinstalación tras ter rexistrado a redución significativa de capacidade deberán ser obxecto de verificación independente por un verificador acreditado de conformidade co



anexo I do Regulamento (UE) n.º 600/2012 da Comisión, do 21 de xuño de 2012, relativo á verificación dos informes de emisións de gases de efecto invernadoiro e dos informes de datos sobre toneladas-quilómetro e á acreditación dos verificadores para as actividades en virtude do artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE. A capacidade instalada da subinstalación tras ter rexistrado unha redución significativa de capacidade constituirá, en diante, a capacidade instalada inicial da subinstalación ao avaliar todo cambio significativo da capacidade ulterior.

2. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 1/2005 e no artigo 21 da Decisión da Comisión 2011/278/UE, cando unha instalación rexistrase unha redución significativa de capacidade con posterioridade ao 30 de xuño de 2011 axustarase a asignación aplicando as regras de asignación contidas na citada decisión a partir do ano seguinte a aquel en que tivese lugar a redución de capacidade, ou a partir de 2013 se a redución significativa de capacidade tivese lugar antes do 1 de xaneiro de 2013.

3. O axuste na asignación de dereitos de emisión adoptarase mediante resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente, logo de informes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Economía e Competitividade, e concederase audiencia previa ao titular da instalación nos supostos en que sexa exigible de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Antes de que se dite resolución, a asignación axustada preliminar deberá ser notificada á Comisión Europea e non resultar rexeitada por esta, de conformidade co previsto na Decisión 2011/278/UE.

#### Artigo 6. *Cesamento total das actividades dunha instalación.*

1. En virtude do artigo 22 da Decisión da Comisión 2011/278/UE, considerarase que unha instalación cesou as súas actividades cando se cumpra algunha das seguintes condicións:

a) que se revogase ou deixase sen validez a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro, a autorización ambiental integrada ou calquera outra autorización ambiental pertinente.

b) que as autorizacións mencionadas na letra a) se extinguisen.

c) que o funcionamento da instalación sexa tecnicamente imposible.

d) que a instalación non estea funcionando, pero funcionase anteriormente, e sexa tecnicamente imposible retomar as actividades.

e) que a instalación non estea funcionando, pero funcionase anteriormente e o titular non poida garantir que a instalación retomará as súas actividades como moi tarde no prazo de seis meses a partir do cesamento de actividades. Os órganos autonómicos poderán ampliar este período ata un máximo de dezoito meses se o titular pode garantir que a instalación non poderá retomar as súas actividades no prazo de seis meses debido a circunstancias excepcionais e imprevisibles que non poderían terse evitado incluso se se prestase toda a atención debida e que escapan ao control do titular da instalación, en particular, debido a circunstancias tales como desastres naturais, guerras, ameazas de guerra, actos terroristas, revolucións, revoltas, sabotaxes ou actos de vandalismo. Cando o órgano autonómico acorde a ampliación do prazo de inactividade por riba dos doce meses para os efectos deste artigo, entenderase igualmente ampliado o prazo establecido no artigo 7, letra d), da Lei 1/2005, para a extinción da autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.

2. O punto 1, letra e), non se aplicará ás instalacións de reserva ou de emerxencia nin a aquelas que funcionan con carácter estacional, coa condición de que se cumpran todos os requisitos seguintes:

a) que o titular estea en posesión dunha autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro e de todos os demais permisos pertinentes.

b) que sexa tecnicamente posible iniciar as actividades sen efectuar cambios físicos na instalación.

c) que se leven a cabo actividades de mantemento periódicas.

3. De conformidade co artigo 22.3 da Decisión da Comisión 2011/278/UE e o artigo 26 da Lei 1/2005, cando unha instalación cesase as súas actividades, o rexistro non transferirá á conta de haberes do titular da instalación os dereitos de emisión outorgados gratuitamente a esa instalación a partir do ano seguinte ao do cesamento de actividades.

4. De conformidade co previsto no artigo 22.4 da Decisión da Comisión 2011/278/UE poderase suspender a expedición de dereitos de emisión ás instalacións mencionadas no punto 1, letra e), sempre e cando non se garantise que a instalación retomará as súas actividades.

#### Artigo 7. *Cesamento parcial das actividades dunha instalación.*

1. Considerarase que unha instalación cesou parcialmente as súas actividades nos supostos previstos no artigo 23 da Decisión 2011/278/UE, cos efectos que recolle o citado artigo. En concreto, considerarase que se dá un cesamento parcial nas actividades dunha instalación cando unha das súas subinstalacións, que contribúa como mínimo nun 30% á cantidade anual final de dereitos de emisión asignados gratuitamente á instalación, ou coa asignación de máis de 50.000 dereitos de emisión, reduza o seu nivel de actividade nun ano natural dado como mínimo un 50% respecto ao nivel de actividade inicial utilizado para calcular a asignación da subinstalación de conformidade co artigo 9 ou, se é o caso, co artigo 18 da Decisión da Comisión 2011/278/UE, do 27 de abril de 2011 (no sucesivo, nivel de actividade inicial).

2. Cando unha instalación cesase parcialmente as súas actividades, a cantidade de dereitos de emisión asignada á dita instalación axustarase a partir do ano seguinte a aquel durante o cal cesase parcialmente as súas actividades, ou a partir de 2013 se o cesamento parcial tivo lugar antes do 1 de xaneiro de 2013, do seguinte modo:

a) Se o nivel de actividade da subinstalación mencionada no punto 1 se reduce entre un 50% e un 75% respecto ao nivel de actividade inicial, a subinstalación só recibirá a metade dos dereitos de emisión asignados inicialmente.

b) Se o nivel de actividade da subinstalación mencionada no punto 1 se reduce entre un 75% e un 90% respecto do nivel de actividade inicial, a subinstalación só recibirá o 25% dos dereitos de emisión asignados inicialmente.

c) Se o nivel de actividade da subinstalación mencionada no punto 1 se reduce nun 90% ou máis con respecto ao nivel de actividade inicial, non se asignará gratuitamente ningún dereito de emisión á subinstalación afectada.

3. No caso excepcional de que, debido a cambios no tipo de produtos fabricados empregando a mesma liña de produción sen que teña lugar un cambio físico, non resulte procedente a aplicación dos axustes establecidos no parágrafo anterior por levar a resultados indeseados, o titular deberá presentar, xunto coa información establecida no artigo 4, unha solicitude acompañada da información e documentación relevante que xustifique que se cumpre o suposto descrito.

4. O axuste na asignación de dereitos de emisión adoptarase mediante resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente, logo de informes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Economía e Competitividade, e concederase audiencia previa ao titular da instalación nos supostos en que sexa exigible de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Antes de que se dite resolución, a asignación axustada preliminar deberá ser notificada á Comisión Europea e non resultar rexeitada por esta, de conformidade co previsto na Decisión 2011/278/UE.

5. Se o nivel de actividade da subinstalación mencionada no punto 1 alcanza un nivel de actividade de máis do 50% con respecto ao nivel de actividade inicial, a instalación que cesase parcialmente as súas actividades recibirá os dereitos de emisión que lle foron

asignados inicialmente a partir do ano seguinte ao ano natural en que o nivel de actividade superase o limiar do 50%.

6. Se o nivel de actividade da subinstalación mencionada no punto 1 alcanza un nivel de actividade de máis do 25% con respecto ao nivel de actividade inicial, a instalación que cesase parcialmente as súas actividades recibirá a metade dos dereitos de emisión que lle foron asignados inicialmente a partir do ano seguinte ao ano natural no cal o nivel de actividade superase o limiar do 25%.

#### Artigo 8. *Ampliación significativa de capacidade.*

1. Cando unha instalación rexistrase unha ampliación significativa de capacidade con posterioridade ao 30 de xuño de 2011, a capacidade engadida e a capacidade instalada da subinstalación tras ter rexistrado a ampliación significativa de capacidade, serán obxecto de verificación independente por un verificador acreditado de conformidade co anexo I do Regulamento (UE) n.º 600/2012 da Comisión, do 21 de xuño de 2012, relativo á verificación dos informes de emisións de gases de efecto invernadoiro e dos informes de datos sobre toneladas-quilómetro e á acreditación dos verificadores para as actividades en virtude do artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE.

Se esta información foi xa obxecto de verificación de acordo cos puntos seguintes, non será necesario que sexa verificada cando se realice a notificación de conformidade co artigo 4.1.

2. Cando unha instalación rexistrase unha ampliación significativa de capacidade con posterioridade ao 30 de xuño de 2011, se a dita ampliación de capacidade pode optar a recibir asignación gratuíta de dereitos de emisión desde a reserva de novos entrantes, o titular poderá solicitar asignación tan pronto como se producise o inicio do cambio de funcionamento de acordo coa Decisión da Comisión 2011/278/UE.

3. Os titulares das instalacións que rexistrasen unha ampliación significativa de capacidade de conformidade co punto 2 e que soliciten asignación, deberán presentar a información e os datos necesarios para calcular a asignación de conformidade co exixido pola Decisión da Comisión 2011/278/UE.

Esta información deberase presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma no modelo desenvolvido pola Comisión Europea para o efecto, que se poñerá á disposición do público na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e irá acompañado dun informe metodolóxico que conteña unha descrición detallada de como se determinaron os datos. O órgano autonómico competente remitirá o modelo e o informe metodolóxico ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun prazo de 10 días.

4. As solicitudes de asignación deberán ser verificadas de forma independente por un verificador acreditado de conformidade co anexo I do Regulamento (UE) n.º 600/2012 da Comisión, do 21 de xuño de 2012, relativo á verificación dos informes de emisións de gases de efecto invernadoiro e dos informes de datos sobre toneladas-quilómetro e á acreditación dos verificadores para as actividades en virtude do artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE. O proceso de verificación referirase ao informe metodolóxico e aos datos notificados para o cálculo da asignación.

5. A asignación gratuíta aos novos entrantes, calculada de acordo co artigo 20 da Decisión da Comisión 2011/278/UE, adoptarase segundo o establecido no artigo 19 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, requirindo a notificación da asignación preliminar á Comisión Europea, e que esta non a rexeite, de acordo co previsto na citada decisión.

6. A asignación definitiva desde a reserva de novos entrantes levarase a cabo de conformidade co previsto no artigo 19.4 da Decisión 2011/278/UE, a cuxos efectos o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente practicará a debida notificación á Comisión Europea.



Artigo 9. *Instalacións novas.*

1. Os titulares das instalacións ás cales se lles conceda unha autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro por primeira vez despois do 30 de xuño de 2011 ou aquelas que, dispoñendo de autorización de emisión con anterioridade, non puideron ser asignadas como existentes por non ter comezado o seu funcionamento normal, que poidan optar á asignación gratuíta de dereitos de emisión desde a reserva de novos entrantes, deberán presentar a información e os datos necesarios para calcular a asignación de conformidade co exixido no artigo 19 da Decisión da Comisión 2011/278/UE.

Esta información deberase presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma no modelo desenvolvido pola Comisión Europea para o efecto, que se poñerá á disposición do público na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e virá acompañado dun informe metodolóxico que conteña unha descrición detallada de como se determinaron os datos. O órgano autonómico competente remitirá o modelo e o informe metodolóxico ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun prazo de 10 días.

2. Os titulares a que fai referencia o punto 1 poderán solicitar asignación tan pronto como se producise o inicio do funcionamento normal da instalación nos termos previstos na Decisión 2011/278/UE. Só se aceptarán as solicitudes que se presenten á autoridade competente no prazo dun ano a partir do inicio do funcionamento normal da instalación ou subinstalación de que se trate.

3. As solicitudes de asignación deberán ser verificadas de forma independente por un verificador acreditado de conformidade co anexo I do Regulamento (UE) n.º 600/2012 da Comisión, do 21 de xuño de 2012, relativo á verificación dos informes de emisións de gases de efecto invernadoiro e dos informes de datos sobre toneladas-quilómetro e á acreditación dos verificadores para as actividades en virtude do artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE. O proceso de verificación referirase ao informe metodolóxico e aos parámetros notificados recollidos no artigo 7 e no anexo IV da Decisión da Comisión 2011/278/UE.

4. Con respecto ás emisións dos novos entrantes producidas antes do inicio do funcionamento normal, verificadas de forma independente, asignaranse dereitos de emisión adicionais sobre a base das emisións históricas, expresadas en toneladas equivalentes de dióxido de carbono.

5. A asignación gratuíta ás instalacións referidas no punto 1, calculada de acordo co artigo 19 da Decisión da Comisión 2011/278/UE, adoptarase segundo o establecido no artigo 19 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, requirindo a notificación da asignación á Comisión Europea e que esta non a rexeite, de acordo co previsto na citada decisión.

6. A asignación definitiva desde a reserva de novos entrantes levarase a cabo de conformidade co previsto no artigo 19.4 da Decisión 2011/278/UE, para cuxos efectos o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente practicará a debida notificación á Comisión Europea.

Disposición adicional primeira. *Solicitud de información a instalacións sen dereito a asignación gratuíta.*

A Administración xeral do Estado poderá solicitar información a instalacións suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión que non teñan dereito a asignación gratuíta no caso de que houbese cambios nas ditas instalacións que poidan ter incidencia na asignación doutras instalacións coas que manteñan algún tipo de conexión técnica. As instalacións a que se requira a dita información deberana facilitar nun prazo de 15 días.

Disposición adicional segunda. *Competencia para o exercicio da potestade sancionadora en materia de aviación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

De acordo co artigo 35.2 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, o exercicio da potestade sancionadora sobre os operadores aéreos corresponde ao secretario de Estado de Medio Ambiente.

Disposición transitoria única. *Verificación da información ata o 31 de decembro de 2013.*

Ata o 31 de decembro de 2013, a verificación prevista nos artigos 5, 8 e 9 levaraa a cabo un verificador acreditado no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión, con independencia do alcance da súa acreditación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten natureza básica e dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do ambiente previstas no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

1. O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
2. Non obstante o previsto no punto anterior, o punto 3 do artigo 5 e o punto 4 do artigo 7 unicamente terán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN